

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de xuño de 2022, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

b) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do concello do Vigo (21.007-240)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. AXA SEGUROS GENERALES, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS
 2. MAPFRE ESPAÑA, S.A.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do concello do Vigo (21.007-240)

Procédese, en acto público, á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

- AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS
 - Propón unha redución do importe da franquía sobre o mínimo establecido na cláusula 10 do PPT de 4.000,00 euros.
 - Propón un incremento nos límites e sublímites sobre o mínimo establecido na cláusula 8 do PPT:



Copia do documento - Concello de Vigo
21007-240

Data impresión: 23/06/2022 12:41 | Páxina 1 de 4
CSV: A5AHA3-86EB4D-D1C4B7-FTP7VK-1H74BD-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Límite/Sublímite	Incremento
Límite por sinistro na responsabilidade civil/patrimonial xeral	2.000.000,00 €
Límite por sinistro na responsabilidade civil patronal e cruzada	2.000.000,00 €
Sublímite por vítima na responsabilidade civil patronal e cruzada	200.000,00 €
Límite por sinistro na responsabilidade civil/patrimonial profesional	2.000.000,00 €
Límite por sinistro e anualidade establecidos para prexuízos patrimoniais puros	100.000,00 €
Límite por sinistro e anualidade establecidos para a responsabilidade civil locativa	300.000,00 €

- Comprométese a inclusión da garantía ou cobertura da Responsabilidade civil de produtos/post-traballos, nas condicións e termos sinalados no punto 5.6 do PPT: si.

- Propón como prima anual do seguro 384.447,61 euros.

- MAPFRE ESPAÑA S.A.

- Propón unha redución do importe da franquía sobre o mínimo establecido na cláusula 10 do PPT de 3.000,00 euros.

- Propón un incremento nos límites e sublímites sobre o mínimo establecido na cláusula 8 do PPT:

Límite/Sublímite	Incremento
Límite por sinistro na responsabilidade civil/patrimonial xeral	5.000.000€ por sinistro e 9.000.000€ por anualidade
Límite por sinistro na responsabilidade civil patronal e cruzada	5.000.000€ por sinistro e 9.000.000€ por anualidade
Sublímite por vítima na responsabilidade civil patronal e cruzada	300.000 € por vítima
Límite por sinistro na responsabilidade civil/patrimonial profesional	5.000.000€ por sinistro e 9.000.000€ por anualidade
Límite por sinistro e anualidade establecidos para prexuízos patrimoniais puros	800.000 €
Límite por sinistro e anualidade establecidos para a responsabilidade civil locativa	300.000 €

- Comprométese a inclusión da garantía ou cobertura da Responsabilidade civil de produtos/post-traballos, nas condicións e termos sinalados no punto 5.6 do PPT: si.

- Propón como prima anual do seguro 398.000,00 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/06/2022 12:41	Páxina 2 de 4
21007-240	CSV: A5AHA3-86EB4D-D1C4B7-FTP7VK-1H74BD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Asisten á apertura D. Iago Merino Vidal, con DNI **.48.04*, en representación de WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.; D. Juan Diego Pantoja Fernández, con DNI **.41.69*, en representación de AXA Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Na mesma sesión entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio o 9 de xuño de 2022 de valoración do sobre C "Proposición avaliable a través de fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do concello do Vigo (21.007-240)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do concello do Vigo (21.007-240) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	86,46
2	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	81,89

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-60.917.978), para que presente, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida na cláusula 8.4.3º do PCAP ("*certificación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acreditativa da súa inscrición no Rexistro administrativo especial previsto no artigo 40 da Lei 20/2015, de 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras*").
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares".

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/06/2022 12:41	Páxina 3 de 4
21007-240	CSV: A5AHA3-86EB4D-D1C4B7-FTP7VK-1H74BD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/06/2022 12:41	Páxina 4 de 4
21007-240	CSV: A5AHA3-86EB4D-D1C4B7-FTP7VK-1H74BD-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		